

Por que o chaman amor cando queren dicir sexo?

Verónica Martínez artella en Lusocuria un poemario no que a palabra, o concepto do amor é ben difícil de atopar e no que se fala abertamente de sexo sen que se confunda, precisamente, co amor. Crítica de Xosé Manuel Eyré.

Por Xosé M. Eyré | Vigo | 12/12/2012

Título: **Lusocuria**

Autora: **Verónica Martínez Delgado**

Editorial: **O Figurante Edicións**

Da crónica libresca deste mangado de peomas do acto amoroso-sexual escollemos este título porque no poemario enteiro está instalada esta confusión, salvadora ou a única que pode salvar a quen

**Ficava imersa num mundo de sabor metálico,
com o cheiro de estrume até nos ossos (6)**

ou pechada nun caparazón de indiferencia e frialdade coa única esperanza ou recurso de deixarse facer por quen ofrezca a posibilidade de eludir momentáneamente esa situación. Pois o pracer actúa como catalizador da expresión sincera, impide finxir e aproxima os amantes. De xeito que o sexo, co pracer que da súa man chega, é unha porta aberta á liberación dos convencionalismo coercitivos así como dos gritos, das pulsións interiores, encerrados, afogados no mar interior. Nestas condicións semella lóxico o apelo ao frenesí sexual, así como o agradecimento e pasmo do gozo. Mais non ha tardar moito a voz poética en xa non deixarse facer, en fuxir da pasividade (a que esta sociedade tenciona someter a muller, tamén) e tomar a iniciativa fodendo, fodendo e fodendo e descubrindo no acto sexual, concebindo o acto sexual tamén como un mundo de soños e proxectos e de sensacións e olores, un espazo

**onde tudo é possível/
até dizer a verdade (21)**

ao que axiña acode a clásica lamentación pola premura con que o tempo pasa, esta vez en relación ao desexo. É este un tránsito breve. Tras do cal o mundo reflexivo non se centra no amor como necesidade afectiva abstracta, senón na necesidade concreta de máis sexo, unha dependencia que a voz poética quer disfrazar mais o sorriso é doloroso. Ao que nada contribúe a entrada no poema do mundo exterior, a nada ou a confirmar o acto sexual como refuxio

e dedico-me a desviver

o tempo que me resta

do que quer que seja isso.

Aquí o poemario semella tencionar se converter nunha crónica do desencontro, no que á voz poética feminina acode o concepto de resignación, toda vez que o refuxio non está dispoñíbel cando ela

precisa, de xeito que non queda outra que considerarse vítima e querer recuperar o tempo. Até que relicen o acto sexual un contra o outro, até que a masturbación, que onanismo, non sexa máis que recordatorio insuficiente da parella, recordatorio que queima como o sal nas feridas. Mais vivir nas feridas inmuniza ou é que pouca máis saída queda. É entón cando xorde a necesidade de algo máis. É entón cando se impón a crueza da realidade: non teñen nada, non teñen nada e a vida de fóra cada vez ten máis importancia, cada vez domina máis. Mais nada hai nin certo nin seguro, e nesa incerteza quere facerse á idea de que é ela quen domina, mais o certo é que esa dominación tamén resulta a fotografía da súa dependencia.

Que facer?, como actuar, logo? Tratando de ser feliz.

Velaí un rápido percurso por este poemario de Verónica Martínez, no que a palabra, o concepto do amor é ben difícil de atopar. Si, porén o cualificativo que mellor lle acae a este poemario é o de poesía amatoria, pois neste poemas non hai pornografía e si sentimento, moito sentimento e reflexión. De xeito que quen pretenda unha lectura con moito sexo, atoparaa, mais acompañada de procesos reflexivos. E quen pretenda unha reflexión fonda e sentida sobre o sexo, atoparao, mais acompañada dunha incansábel fodenda.

Porque, en si, este work in progress é experimento e experiencia, a ver que pode saír de algo expresado nos termos vistos. E como tal experiencia e experimento poden atopárselle certas limitacións, por exemplo haberá quen así interprete o feito de que o concepto amor apenas apareza so longo de **Lusocuria**, aínda que só sexa polo feito de que aparecendo o universo temático posíbel sería máis amplo, e dicímilo tamén tendo en conta que na nosa sociedade son, sexo e amor, dous conceptos que adoitan simbiotizarse mutuamente.

De todos os xeitos tampouco cómpre esquecer que, aínda despois dese reduccionismo, os poemas de **Lusocuria** son máis ricos do que podería parecer, aínda que a esixencia sexa temática, porque no eido formal caracterízanse polo moi traballado ritmo en versos e poemas que non amosan querenza pola lonxitude demorada. E non é sinxelo o camiño seguido por Verónica Martínez, non é nada sinxelo que desde a brevidade o apelo á reflexión funcione tan ben. O que se logra precisamente grazas a unha moi axeitada selección e destaque dos conceptos sobre os que se convida a reflexionar. Hai momentos nos que se bota de menos detención reflexiva, como por exemplo nas etapas de toma da iniciativa e tamén da resignación. Certamente. Mais iso tamén é innegábel que non evita unha satisfactoria lectura do poemario. E aí é onde radica a parte máis pornográfica, por así dicilo en que se fala de sexo sen pretender confundilo co amor, con liberdade que dá o fuxir de convencionalismos.